

ESTIMADA/O VECIÑA/O:

Desde a área de Educación Familiar, do Departamento de Servizos Sociais, en colaboración coa Concellería de Participación e Dinamización Veciñal do Concello de Barreiros, organízase **Barreiros ActivaMente**.

Actividade destinada aos seguintes colectivos: persoas maiores de 65 anos, persoa xubiladas maiores de 60 anos ou persoas con discapacidade (que se consideren idóneas para participar nos mesmos) do propio concello.

O comezo das actividades estímase no mes de outubro.

As actividades levaranse a cabo en 4 lugares escollidos entre 7 localizacións diferentes, segundo o maior número de persoas pre-inscritas, cunha duración dunha hora semanal e unha taxa municipal de 10 €/ano.

Debido ás restricións sanitarias derivadas da Covid-19 estas actividades terán un aforo limitado, polo que para facilitar a organización e reserva de instalacións municipais, precisamos unha **inscrición previa**, marcando a preferencia de lugares para asistir.

Para tal fin, remitimos un folio anexo que deberán facer chegar ao concello, por vía presencial (entregando no rexistro) ou por vía telemática (mail: educadora@concellodebarreiros.gal). A data máxima de entrega será o martes 21 de setembro do 2021.

No caso de non formalizar preinscrición, solo se admitirán novas solicitudes de quedar prazas vacantes.

Gustaríanos contar coa súa presenza nestes talleres lúdicos nos que poderán participar en actividades de aprendizaxe e lecer, coas que se pretende favorecer o proceso de envellecemento, dando a coñecer este (as súas causas, consecuencias e recursos dispoñibles para paliar), traballando a memoria, a atención e a concentración e potenciando as relacións entre a veciñanza do Concello.

Agradecéndolle de antemán a súa asistencia, reciba un cordial saúdo,

Barreiros, a 1 de setembro do 2021



Ana Belén Ermida Igrexas

Alcaldesa de Barreiro

NOTA: Confirmados os 4 lugares maioritariamente escollidos, o Concello poñerase en contacto coas persoas interesadas en participar para confirmar os locais e horarios definitivos, así como para a formalización da inscrición.

ANEXO PRE-INSCRICIÓN Barreiros ActivaMente:

D/D^a _____ con DNI: _____;
domicilio _____ en
_____ e

teléfono de contacto _____ desexo participar nos **Barreiros**

ActivaMente coa seguinte preferencia de ubicación (*):

Numere con 1º, 2º e 3º as súas preferencias á hora de asistir á actividade.

(MOI IMPORTANTE: Marcar como máximo 3 e numerados por preferencia)

Centro Social de San Cosme de Barreiros.

Colexios Vellos de San Miguel de Reinante.

Escolas de Celeiro de Mariñaos.

Local Social de Vilamar.

Local Social de San Xusto.

Local Social de Cabarcos.

Teleclub da Rilleira.

(*) Dos 7 lugares escolleranse os 4 con maior número de pre-inscritos e pre-inscritas.



Para dúbidas, poñerse en contacto co 982.124.002.